

## COMPROMISO COA IGUALDADE

TEIMA DOWN FERROL aposta no 2024 polo avance na igualdade entre mulleres e homes, coa implantación por decisión voluntaria do seu I Plan de Igualdade, con alcance a todo o persoal.

Este plan contempla diferentes medidas destinadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre as diferentes persoas durante os seus 4 anos de vixencia (ata 2028).

### A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ACCESO AO EMPREGO:

TEIMA DOWN FERROL adquire o compromiso coa igualdade de oportunidades entre todas as persoas no relativo ao acceso ao emprego, para o que:

- ten o deber de que o seu persoal, presente e futuro, sexa seleccionado e tratado segundo o seu mérito, talento ou capacidade, sen importar sexo, xénero, orientación sexual, situación familiar ou estado civil marital ou outras circunstancias relacionadas coa familia, raza, grupo étnico, nacionalidade, cor, credo, discapacidade, ideoloxía, afiliación sindical, clase económica ou calquera outro aspecto irrelevante para desenvolver o traballo requirido en cada caso
- busca desterrar calquera práctica inxusta e discriminatoria
- aposta por que se faga uso dunha linguaxe inclusiva e respectuosa con todas as persoas